

NOTA DE PRENSA

Os XXI Premios María Casares xa teñen gañadores

‘O tolleito de Inishmann’, de Contraproducións e FIOT Carballo, faise con 5 galardóns e ‘Eroski paraíso’, de Chévere, faise con 4.

‘Eroski Paraíso’, de Chévere, faise cos premios á mellor dirección e mellor espectáculo

Danza da Choiva, de Elefante Elegante faise co premio ao mellor espectáculo infantil

Mércores, 29 de marzo de 2017.- Os XXI Premios de Teatro María Casares xa teñen gañadores. O Teatro Rosalía Castro da Coruña vén de acoller esta noite unha cerimonia de entrega na que un total de 13 espectáculos competían nas catorce categorías nas que se dividen os galardóns do teatro, organizados pola Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG). Á gala, que se retransmitiu en streaming polo web da TVG e por diferido na TVG, acudiron máis de 500 convidados, entre autoridades, profesionais do sector, asociados, xornalistas e convidados en xeral. Todos eles asistiron a unha gala ideada e conducida por Pepo Suevos, que neste ano propuxo un espectáculo guiado polo humor e o desenfado que xirou ao redor das relacións entre a administración e a cultura, dous mundos condenados a entenderse. O elenco estivo conformado por Roberto Leal, Alberto Rolán, Marta Lado, Patricia Torres, Silvana Sestelo e Josito Porto. Ademais, a música púxo a unha banda (conformada polos percussionistas Amaury Quintero e Marcos Jaramillo, o pianista Josep Ruiz; o baixista Juan Perez e o trompetista Daniel Polo) que achegou aos Premios o son cubano. Pola súa banda, Eduardo Alonso recibiu o Premio de Honra Marisa Soto e Imma António leu o Manifesto Galego do Día Mundial do Teatro.

Ao longo da noite déronse a coñecer os gañadores dos Premios María Casares deste 2017. OS RESULTADOS: (entre parénteses o número de premios acadados):

–‘O tolleito de Inishmaan’, de Contraproducións e Fiot Carballo (5): mellor iluminación (Afonso Castro), mellor adaptación/tradución (Cándido Pazó, Santi Romay, Alberto Rodríguez), mellor actriz secundaria (María Roja), mellor actor secundario (Evaristo Calvo), mellor actor protagonista (Santi Romay)

–Eroski Paraíso, de Chévere (4): mellor música orixinal (Terbutalina), mellor actriz protagonista (Patricia de Lorenzo), mellor dirección (Xron) e mellor espectáculo.

–Voaxa e Carmín, de ButacaZero e Eme2 (2): mellor maquillaxe (Trini F. Silva) e mellor vestiario (Mari Seoane)

- Danza da choiva, de Elefante Elegante (1):** mellor espectáculo infantil
- Foucellas, de Talía Teatro (1):** mellor escenografía (Dani Trillo)
- Raclette, de Ibuprofeno Teatro (1):** mellor texto orixinal (Santiago Cortegoso)

DISCURSO DO PRESIDENTE DA AAAG

O presidente da Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG), Ernesto Chao, encargouse de saír ao escenario e ler un discurso no que, en primeira instancia, celebrou a produción escénica do curso pasado. “O ano 2016 deunos unha extraordinaria colleita teatral e polo que puiden ver neste primeiro trimestre deste ano que estamos a andar, seguimos a recoller excelentes froitos”, sinalou Chao quen, ademais, quixo deixar espazo para as reivindicacións no seu discurso. En primeiro lugar, quixo recodarlles a todos os presentes que tanto o oficio de interpretar no teatro coma no audiovisual está regulado por senllos Convenios colectivos. “En Galicia temos a sorte de contar con dous convenios colectivos”, explicou Chao antes de lembrar que “o deber dun actor é respectarse, valorarse a si mesmo” e que, polo tanto, “cada vez que un intérprete rompe estes convenios, estase infravalorando.

Mais a gran reivindicación do discurso centrouse no ámbito da igualdade. Neste senso, Ernesto Chao fixo un chamamento “aos guionistas, aos directores e directoras, aos dramaturgos e dramaturgas para que pensen nas mulleres á hora de facer o seu traballo”. “Onde están as nosas Medeas? Onde están as nosas Antígonas? Onde están as nosas Fedras, as Lisistratas, as Electras, as Hecúbeas e tantas outras? E que non temos hoxe en día heroínas? Coido que si”, concluíu.

A GALA: DOUS GRANDES PANOS DE FONDO

A gala volveu contar un ano máis con Suso Montero, quen se encargou da escenografía, e Marta Horjales, quen se encargou da produción executiva e a coordinación xeral. A Consellería de Cultura e Educación, a través da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), o Concello da Coruña, a Deputación da Coruña, a Fundación AISGE e a Fundación SGAE patrocinan os premios, que contan coa colaboración tamén do Padroado de Cultura do Concello de Narón, a Televisión de Galicia, o Centro Dramático Galego, Gadis, e Emsac.

Ao acto acudiron o conselleiro de Cultura, Román Rodríguez; o secretario xeral de Cultura, Anxo Lorenzo; o director da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), Jacobo Sutil; o alcalde da Coruña, Xulio Ferreiro, o concelleiro de Cultura da Coruña, José Manuel Sande, o vicepresidente da Deputación, Goretí Sanmartín.

GAÑADORES POR CATEGORÍAS

1. MAQUILLAXE

Gañadora	Espectáculo	Compañía
Trini F. Silva	Voaxa e carmín	ButacaZero / Eme2

2. Vestiario

Gañadora	Espectáculo	Compañía
Mari Seoane	Voaxa e carmín	ButacaZero / Eme2

3. Escenografía

Gañador	Espectáculo	Compañía
Dani Trillo	Foucellas	Talía Teatro

4. Iluminación

Gañador	Espectáculo	Compañía
Afonso Castro	O tolleito de Inishmaan	Contraproducións / FIOT Carballo

5. Música orixinal

Gañador	Espectáculo	Compañía
Terbutalina	Eroski Paraíso	Chévere

6. Adaptación / Tradución

Gañadores	Espectáculo	Compañía
Cándido Pazó, Santi Romay e Alberto Rodríguez	O tolleito de Inishmaan	Contraproducións / FIOT Carballo

7. TEXTO ORIXINAL

Gañador	Espectáculo	Compañía
Santiago Cortegoso	Raclette	Ibuprofeno Teatro

8. ACTOR SECUNDARIO

Gañador	Espectáculo	Compañía
Evaristo Calvo	O tolleito de Inishmaan	Contraproducións / Fiot Carballo

9. ACTRIZ SECUNDARIA

Gañadora	Espectáculo	Compañía
María Roja	O tolleito de Inishmaan	Contraproducións / Fiot Carballo

10. ACTOR PROTAGONISTA

Gañador	Espectáculo	Compañía
Santi Romay	O tolleito de Inishmaan	Contraproducións / Fiot Carballo

11. ACTRIZ PROTAGONISTA

Gañadora	Espectáculo	Compañía
Patricia de Lorenzo	Eroski Paraíso	Chévere

12. DIRECCIÓN

Gañadora	Espectáculo	Compañía
Xron	Eroski paraíso	Chévere

13. ESPECTÁCULO INFANTIL

Espectáculo	Compañía
Danza da Choiva	Elefante Elegante

14. ESPECTÁCULO

Espectáculo	Compañía
Eroski Paraíso	Chévere